



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Proxecto de Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Proxecto de Lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do banco de terras de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea presidenta do Consello da Xuventude de Galicia a María Dolores Rodríguez Amoroso

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara a utilidade pública das obras de remodelación de vía no peirao comercial do porto de Ribadeo e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos a que afectan

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, o conxunto de fontes termiais das Burgas e o seu contorno delimitado, no Concello de Ourense

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación San Xerome*



Emiliani para contribuír ao mantemento do centro ocupacional, centro de día e atención temperá

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *O Pelouro* para contribuír ao mantemento do centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se outorga á entidade mercantil *David Fernández Grande S.L.*, titular da explotación mineira “C.E. Bouza Fracción I Nº 2.569.1”, sita nos termos municipais de Ponte Caldelas e Pontevedra, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Acordo polo que se outorga á entidade mercantil *Graninter*, titular da explotación mineira “C.E. Cotarel nº 2733”, sita no termo municipal de Tui, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Acordo polo que se outorga á entidade mercantil *Canteras Prebetong*, titular da explotación mineira “C.E. Couso nº 2784”, sita no termo municipal de Pontearreas, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Acordo polo que se outorga á entidade mercantil *Pizarras Hispanas, S.L.*, titular da explotación mineira “C.E. Esperanza nº 4.766.1”, sita no termo municipal de Carballeda de Valdeorras, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Acordo polo que se outorga a Marcelino Rodríguez Pumar, titular da explotación mineira A.E.Sarmaganta Nº 26, sita no termo municipal de Tui, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Pobra do Caramiñal para a execución das obras: actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Saneamento na Ribeiriña, A Pobra do Caramiñal (A Coruña) por importe de 861.272,80 euros



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Fonsagrada para a execución das obras: Actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Abastecementos e saneamentos na Fonsagrada 419.100 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Monforte de Lemos para a execución das obras: actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Abastecementos de auga á parroquia de Fiolleda. Monforte de Lemos (Lugo) por importe de 313.000 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Oímbra para a execución das obras de abastecemento a pequenos núcleos de poboación. Mellora do abastecemento de auga a Videferre. Oímbra (Ourense) por importe de cento setenta e dous mil setecentos euros 172.700 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e os Colexios de Axentes da Propiedade Inmobiliaria de Galicia para o fomento das vivendas que cumpran as características de “vivendas usadas” conforme o establecido no capítulo III do Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro
- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial de Carballo (A Coruña) e do correspondente proxecto de urbanización



A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO LITORAL DE GALICIA

- ***Unha vez que entre en vigor suspenderanse todos os novos desenvolvementos urbanísticos na franxa dos 500 metros da liña litoral de xeito transitorio mentres os concellos non adapten os seus planeamentos á normativa vixente ou non entre en vigor o Plan de Ordenación do Litoral***
- ***A lei permite á Xunta utilizar os plans de incidencia supramunicipal para promover vivendas protexidas***
- ***O texto inclúe unha modificación da actual Lei do solo para permitir a construción de instalacións de produción de enerxía renovable en solo rústico***
- ***Créase o Instituto de Estudos do Territorio para prestar asesoramento e asistencia aos concellos para a elaboración dos seus planeamentos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que agora será remitido ao Parlamento autonómico para a súa tramitación e aprobación.

O principal obxectivo deste anteproxecto é o de preservar os valores paisaxísticos e a riqueza natural da costa galega mentres non sexa aprobado o Plan de Ordenación do Litoral que está elaborando a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ou ben os concellos costeiros non adapten os seus planeamentos urbanísticos á normativa actual.

Outras comunidades

O procedemento aprobado hoxe polo Consello da Xunta foi utilizado xa noutras comunidades autónomas como é o caso de Cataluña, Cantabria e Asturias, mentres non aprobaron un regulamento definitivo para o coidado e protección do seu litoral. Galicia súmase así ao grupo de autonomías pioneiras no Estado na aplicación dunha norma que ten como obxecto fundamental preservar o litoral e garantir o seu desenvolvemento sustentable.

Protección dos 500 metros

Precisamente, para facer cumprir este extremo, o proxecto de lei recolle as medidas en materia de ordenación do territorio polas que –unha vez que a lei entre en vigor- se suspenderán de xeito cautelar todos os novos desenvolvementos urbanísticos de terreos situados a menos de 500 metros do mar naqueles concellos que aínda non adaptaron o seu planeamento á lexislación urbanística vixente. Están afectados por esta medida todos os concellos do litoral, é dicir, un total de 87 (48 na provincia da Coruña, 30 en Pontevedra e 9 en Lugo), xa que non só se inclúen os costeiros, senón aqueles que lindan con ríos afectados pola interacción das mareas.

Para todos os concellos do litoral, esta suspensión afecta os terreos situados dentro da franxa dos 500 metros clasificados como solo urbanizable, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico. Ademais, no caso dos municipios costeiros con

poboación inferior a 50.000 habitantes, estas limitacións estenderanse aos terreos que, malia estar clasificados como solo urbano, non reúnan os requisitos de solo urbano consolidado e, en todo caso, aos terreos incluídos en polígonos, unidades de actuación ou de execución.

En total, a lei afecta ao 13% da superficie urbanizable dos municipios costeiros, ao redor de 3.000 hectáreas. Isto supón que a lei só afecta ao 1% do solo urbanizable de toda Galicia.

Trátase dunha suspensión que terá carácter transitorio, xa que estará vixente mentres os concellos non adapten os seus planeamentos á normativa actual, ou ben non entre en vigor o Plan de Ordenación do Litoral (que establecerá os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral). Segundo o anteproxecto de Lei de medidas urxentes, as determinacións do dito Plan serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as do planeamento urbanístico.

O obxectivo último deste proxecto é garantir o cumprimento da legalidade vixente nunha zona especialmente sensible como é a costa galega.

Vivendas protexidas

Un dos aspectos máis novidosos deste texto legal é que abre a posibilidade, por parte da Xunta, de utilizar os plans de incidencia supramunicipal para promover vivendas protexidas.

Unha disposición adicional recolle a modificación da Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia, pola que se amplían as posibilidades que a Xunta ten para impulsar plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, que ata o de agora estaban limitados a regular a implantación territorial de solo destinado a infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cuxa incidencia transcenda máis aló dun termo municipal. Na disposición adicional que se incorporou ao anteproxecto de lei permíteselle tamén á Xunta utilizar estes plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal para promover vivendas protexidas, coa finalidade de facilitar o acceso a unha vivenda digna.

Produción de enerxía en solo rústico

Unha das novidades recollidas no texto que agora tramitará a Cámara autonómica é que se modifica o artigo 33 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (máis coñecida coma Lei do solo), para permitir a construción de infraestruturas de produción de enerxía renovable (por exemplo, enerxía solar fotovoltaica entre outras) en solo rústico.

Así mesmo, coa aprobación deste texto, quedarán integrados os procedementos de avaliación ambiental estratéxica e da redacción do planeamento dun concello, o que axilizará o dito proceso.

Instituto de Estudos do Territorio

O proxecto tamén recolle a creación do Instituto de Estudos do Territorio, que terá por obxecto, entre outros, prestar asistencia e asesoramento aos concellos para a elaboración,

xestión, adecuación e execución do seu planeamento, así como realizar traballos de investigación e difusión e prestar apoio á consellería. Este Instituto, que se configurará como un organismo autónomo de carácter administrativo, tamén se encargará da análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

O proxecto foi sometido a consultas de todos os departamentos autonómicos e de diversas entidades e organismos (Ministerio de Medio Ambiente, FEGAMP, CEG e asociacións ecoloxistas). Ademais, conta con informes da Asesoría Xurídica Xeral, do Consello Económico e Social e do Servizo Galego de Igualdade.

APROBADA A LEI DE CONSERVACIÓN DA SUPERFICIE AGRARIA ÚTIL E DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA

- ***Este texto legal promovido polo Goberno galego amosa o compromiso da Xunta por aproveitar a terra con vocación agrícola***
- ***Créase o Fondo de Terras co obxectivo de limitar a existencia de terras improdutivas na Comunidade Autónoma***
- ***Paralelamente, créase unha sociedade pública denominada Bantegal (Banco de Terras de Galicia) para xestionar as terras do Fondo***
- ***Entre as funcións desta sociedade anónima, está a de facilitar o acceso á terra daquelas explotacións que queiran incrementar a súa base territorial e facilitar a xestión daquelas persoas que teñan vontade de vender, permutar ou ceder en arrendamento as súas propiedades***
- ***Entes públicos e particulares poderán ceder ou arrendar á sociedade Bantegal a xestión do uso e aproveitamento dos predios que estean situados en zonas de especial interese agrario***
- ***Coa aplicación desta lei estímase poñer en produtividade no horizonte deste ano entre 5.000 e 10.000 hectáreas de terreo agrario útil que está abandonado na actualidade en toda Galicia***
- ***O obxectivo é ampliar esta cifra a 200.000 hectáreas no prazo de dez anos***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de Lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, que ten como obxectivo básico favorecer o mantemento da capacidade produtiva da terra para evitar a perda da superficie agraria útil e recuperar a que se perdeu nos últimos anos. Paralelamente, o proxecto de Lei promove unha serie de instrumentos que velen pola conservación do contorno e das condicións ambientais; preservar os predios e as explotacións dos seus adxacentes; ou axilizar os labores de prevención de lumes forestais, entre outros asuntos. Principalmente, para acadar este obxectivo a lei crea, dunha banda o Fondo de Terras de Galicia, e da outra unha sociedade pública denominada Bantegal (Banco de Terras de Galicia) para xestionar este fondo.

Este texto legal promovido polo Goberno galego amosa o compromiso da Xunta por aproveitar a terra con vocación agrícola pola súa función de produción de bens dirixidos ao autoconsumo e ao mercado e pola súa potencialidade para xerar bens de carácter ambiental e de lecer dirixidos ao conxunto da sociedade. Polo tanto, esta iniciativa ten como obxectivo aumentar a riqueza do país a través da posta en valor das terras con evidente aptitude agraria ao tempo que pretende frear a perda de superficie agraria útil.

Obxectivos detallados

Entre os obxectivos concretos que persegue esta lei deseñada pola Consellería do Medio Rural destácase, ademais do mantemento da capacidade produtiva da terra, a necesidade de dinamizar o mercado da terra en Galicia e evitar a súa infrautilización ou abandono.

Paralelamente, preténdese mellorar, ampliar e redimensionar a base territorial das explotacións ao tempo que se avoga por promover modelos de explotacións de carácter extensivo, garantir o cultivo racional, fomentar a instalación e modernización das explotacións agrarias e lograr unha mellor xestión do territorio con fins agrarios.

Así mesmo, preténdese -ao abeiro deste proxecto de lei- axilizar os labores preventivos e de extinción de lumes forestais e procurar unha agricultura sustentable e compatible coa conservación do medio ambiente.

Fondo de Terras

O texto legal aprobado hoxe polo Consello da Xunta instrumentaliza, co fin limitar a existencia de terras improdutivas, a creación do Fondo de Terras. Créase, así mesmo, unha sociedade pública baixo a denominación de *Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia*, **BANTEGAL**, que terá como función principal a xestión dos predios incorporados ao banco.

Dado que existe na Comunidade Autónoma unha oferta potencial de terras libres procedentes de fincas con vocación agrícola en situación de abandono; terreos de persoas que abandonaron a actividade agraria por cambio de emprego ou por xubilación; explotacións que non contan con relevo na súa titularidade e terras traballadas en arrendamento devoltas ao propietario por fin de prazo, ao amparo deste proxecto de lei establecerase un Fondo de Terras no que se integrarán os predios sobrantes, masas comúns e fondos de terras das zonas de concentración parcelaria; os predios ou explotacións agrarias adquiridos pola Comunidade Autónoma; os de interese agrario do Inventario Xeral do Patrimonio; os cedidos para o efecto por calquera ente público a través de convenios e os cedidos temporalmente por propietarios particulares.

Ademais, integraranse no Fondo de Terras os predios de propietarios descoñecidos, os montes veciñais en man común que teñan sido declarados en situación de grave abandono ou degradación, os montes veciñais en man común por extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte e aqueles nos que teña cesado anticipadamente o titular da explotación.

Banco de Terras de Galicia

Para xestionar este Fondo de Terras, impulsárase unha sociedade pública autonómica baixo o nome de Banco de Terras de Galicia (Bantegal) que terá como principal función encargarse dos labores de xestión e intermediación para o arrendamento das fincas que constitúen o Fondo de Terras. Bantegal será unha sociedade pública autonómica que se axustará ao disposto na lexislación de contratos públicos e á normativa comunitaria e de aplicación

As funcións de Bantegal serán a xestión dos bens e dereitos incorporados ao Fondo de Terras de Galicia, e está obrigada a realizar traballos que se lle encomenden, nas materias que constitúan o seu obxecto social e, especialmente, as que sexan urxentes ou se lle ordenen como consecuencia de situacións de emerxencia.

Entre as funcións desta sociedade anónima, está a de facilitar o acceso á terra daquelas explotacións que queiran incrementar a súa base territorial e facilitar a xestión daquelas persoas que teñan vontade de vender, permutar ou ceder en arrendamento as súas propiedades.

Cesión e arrendamento de terras ao banco

Entes públicos e particulares poderán ceder ou arrendar por tempo determinado, e cunha duración mínima de cinco anos, á sociedade Bantegal a xestión do uso e aproveitamento dos predios que estean situados en zonas de especial interese agrario. Esta cesión conleva a posibilidade de que Bantegal o ceda a terceiras persoas, mediante un contrato de uso. Este feito terá como obxectivo o uso e aproveitamento dun predio por parte desa terceira persoa. Os bens continuarán en todo caso a nome do titular.

No contrato de cesión, formalizado por Bantegal, deberá figurar o prazo de vixencia da cesión, que non poderá ser superior a 30 anos; as condicións da cesión; o prezo tipo establecido; e as cesións a terceiras persoas por un período superior a cinco anos que requirirán do consentimento expreso do titular.

A lei tamén inclúe a posibilidade de que os predios incultos e abandonados sexan incorporados ao banco, sempre e cando estean situados nas zonas de especial interese agrario e si se dan as seguintes condicións:

- Predio inculto: predio rústico cunha cobertura de matogueira ou dos seus restos, no caso de ser ardido, de especies leñosas e arbustivas, cunha porcentaxe de ocupación superior ao 50% de extensión superficial e porte medio superior a 50 cm.
- Predio abandonado: rústico non sometido a ningunha práctica cultural ou mínimo laboreo, non cultivado nin destinado a pastoreo, nin ao mantemento de cuberta vexetal desde o punto de vista medioambiental, cunha porcentaxe de ocupación de matogueira e dos seus restos superior ao 75%
- Predio en situación de abandono: incultos ou abandonados que, pola situación, poidan favorecer a aparición e propagación de lumes, fenómenos de erosión, pragas ou enfermidades, que poidan afectar as zonas colindantes.

Cando se dean estas situacións, a persoa titular do predio pode elixir realizar unha agricultura de conservación, alleamento, arrendamento ou calquera outro negocio xurídico, ou a súa incorporación ao banco de terras.

Neste sentido, destaca o apartado da lei no que se fai referencia a que as terras recuperadas para a produción quedarán exentas do pago do imposto de transmisión patrimonial de darse posteriormente un caso de venda.

Sancións



Por último, a normativa recolle tamén sancións en forma de gravame en caso de que se infrinxa o estipulado na lei. As sancións van desde os 600 euros, nos casos de infraccións leves; entre 601 e 3.000 euros nos casos de infraccións graves e multas de entre 3.001 e 6.000 nos casos de infraccións moi graves.

Coa aplicación desta lei estímase poñer en produtividade no horizonte deste ano entre 5.000 e 10.000 hectáreas de terreo agrario útil que está abandonado na actualidade en toda Galicia. O obxectivo é ampliar esta cifra a 200.000 hectáreas nos próximos dez anos.

A XUNTA APROBA O INICIO DOS TRÁMITES PARA A AMPLIACIÓN DA VÍA DE ACCESO AO PEIRAO COMERCIAL DE RIBADEO

- *O novo acceso permitirá separar os tráfico portuarios dos urbanos e cumprir así coa normativa europea de seguridade nos portos*
- *Para executar a obra, que terá un orzamento de 1,4 millóns de euros, é necesario recuperar catro concesións administrativas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de remodelación da vía de acceso ao peirao comercial de Ribadeo. Esta declaración de utilidade pública do novo acceso ao porto é necesaria para que o ente público Portos de Galicia, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, poida recuperar catro concesións administrativas que ocupan parte do peirao en que se executarán as obras.

A remodelación do acceso ao peirao comercial de Ribadeo permitirá separar o tráfico portuario do tráfico urbano, así como establecer un control de acceso ás instalacións portuarias. Esta é unha exixencia imposta pola normativa europea de seguridade que establece as medidas de protección de buques e instalacións portuarias.

A obra na vía implica un desdoblamento dela para separar os tráfico, de xeito que para a construción da nova entrada ao porto se require a demolición dunha serie de edificios situados ao oeste da vía actual e entre os que figuran catro naves correspondentes a concesións administrativas en vigor que son as que agora se rescatan. A nova vía, cun orzamento de 1,4 millóns de euros, terá unha lonxitude de 220 metros, e comezará e rematará na aliñación da vía actual. Terá dous carrís de 3,5 metros de largo, unha beiravía exterior e de 0,5 metros e unha beirarrúa interior de 0,5 metros. Ademais, levantarase un pechamento de verxa de 2,5 metros de altura en aceiro inoxidable que impedirá o acceso libre ao porto.

AS BURGAS DE OURENSE, DECLARADAS BEN DE INTERESE CULTURAL

▪ *Trátase da máxima protección patrimonial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto de declaración, na cidade de Ourense, das Burgas e o seu contorno como ben de interese cultural (BIC) coa categoría de sitio histórico. Con esta declaración como BIC, a máxima protección desde o punto de vista patrimonial en Galicia, ábreanse oportunidades para mellorar este espazo da cidade e desenvolver os proxectos previstos na zona en harmonía coa protección da historia e do patrimonio.

A delimitación da zona protexida busca a recuperación integral da área de influencia do contorno das Burgas. Este ámbito abrangue como elementos destacados os mananciais das Burgas; a zona arqueolóxica próxima a elas e dos espazos libres das traseiras das rúas Cervantes e do Vilar; as marxes do río Barbaña e os edificios da antiga cadea, o solar da desaparecida Casa de Baños, a Praza de Abastos, o colexio San Xosé así como as áreas edificadas e os espazos libres das rúas Cervantes e Vilar. A Consellería de Cultura e Deporte tramitou este expediente en tan só nove meses e a área de protección proposta pola Dirección Xeral de Patrimonio contou co pronunciamento favorable do Consello da Cultura Galega, da Universidade de Vigo e da Real Academia de Belas Artes.

Con esta declaración as Burgas súmanse aos outros BIC que posúe a cidade de Ourense, once en total, e nos que destacan a catedral, o pazo dos Oca-Valadares e o conxunto da Cidade Vella en que se insiren.

Proxectos de futuro

A declaración de BIC non impide nin cancela os proxectos que puidesen existir neste contorno e incorpora aos planos existentes os valores culturais. A declaración de BIC garantirá que non se destrúa a esencia deste sitio histórico e orientará as intervencións destinadas á súa rehabilitación e á súa explotación lúdica, turística, cultural ou comercial.

Neste sentido os mananciais, os espazos abertos á ribeira do río Barbaña e os edificios singulares como a Praza de Abastos e a antiga cadea poderán ser rehabilitados e destinados aos usos que se decidan pero sempre atendendo a uns criterios de protección e entendendo o porvir como unha consecuencia planificada do pasado herdado.

A declaración de BIC establece, segundo os responsables de Patrimonio da Xunta de Galicia, as mellores condicións para desenvolver un programa de intervención que conxugue a necesaria protección do patrimonio cultural coas accións para dotar á cidade de Ourense dun plan termal de futuro e modernizar a súa oferta comercial. Esta protección achega racionalidade e proporcionalidade a este contorno único e supón o control necesario das actuacións que poidan afectar un ben tan sensible precisamente porque xa sufriu numerosas intervencións.

Mecanismos de intervención

O conxunto das Burgas terá que ser ordenado de acordo cun plan especial en que se establecerán os usos posibles de cada espazo. Este plan especial deberá ser elaborado polo Concello e contar co informe preceptivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e podería estar aprobado aos tres meses da súa presentación. Outra fórmula posible previa ao plan especial para desenvolver os proxectos deseñados para este contorno é a súa presentación individualizada que deberán ser aprobados pola Dirección Xeral de Patrimonio.



A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 700.000 EUROS Á ATENCIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura de convenios de colaboración coa asociación San Xerome Emiliani e O Pelouro para o mantemento dos seus centros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración coa Asociación San Xerome Emiliani e coa entidade O Pelouro para o mantemento dos seus centros de atención a persoas con discapacidade intelectual. A Xunta destinará máis de 700.000 euros para garantir os programas de atención ás persoas con discapacidade psíquica nestes centros.

O convenio que se asinará coa Asociación San Xerome Emiliani establece que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar contribuirá con 491.364 euros ao mantemento do centro ocupacional, do centro de día e do centro de atención temperá que xestiona esta entidade. A Asociación San Xerome Emiliani ten como principal finalidade a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, con actuacións encamiñadas a defender a dignidade e os dereitos destas persoas; promover a súa integración social e normalización; e fomentar actitudes sociais positivas para as persoas con discapacidade intelectual. Nos centros da Asociación San Xerome Emiliani prestaranse servizos de formación ocupacional, orientada á integración laboral e social; atención especializada, rehabilitadora, psicolóxica e social; e actividades de ocio e tempo libre, entre outras.

Por outra banda, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asinará coa entidade O Pelouro un convenio de colaboración a través do cal se contribuirá ao mantemento do centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración. Os usuarios deste centro son persoas con discapacidade intelectual, preferentemente con trastorno do espectro autista e problemas emocionais de conduta, dificultades de adaptación e relación. Para esta iniciativa destinaranse un total de 210.372 euros. A entidade O Pelouro traballa de xeito permanente na tarefa de innovación metodolóxica, terapéutica, rehabilitadora e educativa no eido da integración de persoas con necesidades psicosociais-educativas e particularmente na integración das persoas con trastorno do espectro autista, mediante unha atención completa, integral e de pleno desenvolvemento da persoa.

As actividades e programas que desenvolve O Pelouro encamiñanse a garantir a atención integral e personalizada a todos os usuarios do centro, así como a desenvolver e optimizar o funcionamento das súas capacidades procurándolles o máis alto nivel de autonomía persoal. Ademais, presta información, coordinación, asesoramento e orientación aos usuarios e ás súas familias.

O GOBERNO GALEGO AUTORIZA CATRO EXPLOTACIÓNS MINEIRAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E UNHA EN OURENSE

▪ **Trátase de autorizacións previas á licenza municipal**

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, outorgou autorización previa á licenza municipal a catro explotacións mineiras na provincia de Pontevedra (dúas en Tui, unha en Pontearreas e outra entre Ponte Caldelas e Pontevedra) e outra no concello ourensán de Carballeda de Valdeorras.

Este é un dos requisitos da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que establece que as explotacións mineiras e as actividades extractivas de recursos minerais en activo no momento da entrada en vigor da dita lei, localizadas en solo rústico especialmente protexido, poderán continuar a súa actividade nos ámbitos para os que dispoñen de licenza urbanística municipal. Non obstante, cando non contengan coa preceptiva licenza municipal, para continuar a súa actividade ou ampliar a explotación deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. Será o Consello da Xunta quen valore a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes.

Neste senso, o Consello da Xunta outorgou á entidade mercantil *Graninter S.A.*, titular da explotación mineira “C.E. Cotarel nº 2733”, localizada no termo municipal de Tui, a autorización previa á licenza municipal para as actividades extractivas existentes no seu ámbito. Tamén dentro do termo municipal de Tui, outórgaselle autorización previa á licenza municipal á Marcelino Rodríguez Pumar, titular da explotación mineira “A. E. Samarganta nº 26”, para a explotación de recursos nas zonas que figuran no proxecto presentado.

A terceira das autorizacións outorgada hoxe foi para a explotación “C.E. Couso nº 2.784”, pertencente a *Canteras Prebetong S.L.*, e situada no concello pontevedrés de Pontearreas.

Tamén na provincia de Pontevedra, aprobouse a autorización previa á licenza municipal para a explotación mineira “C.E. Bouza Fracción I nº 2.569.1”, radicada nos termos municipais de Pontevedra e Ponte Caldelas e da que é titular a entidade mercantil *David Fernández Grande S.L.*

Por último, o Consello da Xunta outorgoulle á empresa *Pizarras Hispanas, S.L.*, autorización previa á licenza municipal á explotación “C.E. Esperanza nº 4.766.1”, no concello ourensán de Carballeda de Valdeorras.

Cada un destes proxectos contan con informe favorable por parte da Consellería de Innovación e Industria e da Comisión Superior de Urbanismo. Ademais, no caso das dúas explotacións de Tui, contan co informe favorable da Dirección Xeral da Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.



MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ AS OBRAS DE MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA NO CONCELLO OURENSÁN DE OÍMBRA

A Consellería de Medio Ambiente destinará 172.700 euros as obras de mellora do abastecemento de auga en Videferre, no municipio ourensán de Oímbra, despois de que o Consello da Xunta aprobase hoxe o acordo de colaboración para executar o proxecto.

Esta actuación estará financiada na súa totalidade pola consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), con cargo aos orzamentos do 2007. O prazo de execución das obras é de catro meses.

A mellora do abastecemento ao núcleo de Videferre consistirá na captación de auga, instalación do bombeo e un tubo de impulsión de 110 mm de diámetro. Así mesmo, construírse un novo depósito regulador cunha capacidade de 200 metros cúbicos, e dende este acometerase unha rede de distribución ata o depósito actual, onde se conectará á rede de abastecemento.

As obras completaranse coa colocación de pezas para a rede de abastecemento e a subministración de enerxía eléctrica á estación de bombeo. Tamén se construír unha caseta para o aloxamento do grupo de bombeo e disporase un peche do contorno con malla metálica.



AS LOCALIDADES LUCENSES DE MONFORTE DE LEMOS E A FONSAGRADA CONTARÁN CON NOVAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

- ***Ambas as actuacións suman un orzamento de 732.100 euros, que financiará na súa totalidade a Administración hidráulica de Galicia***

A Consellería de Medio Ambiente vai acometer melloras nos servizos de abastecemento e saneamento dos concellos de Monforte de Lemos e A Fonsagrada, na provincia de Lugo. As actuacións suman un investimento de 732.100 euros, unha contía que será achegada pola Administración hidráulica durante este e o vindeiro exercicio.

No Concello da Fonsagrada, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), construírá unha rede de subministración de auga, que substituirá ás traídas particulares; e sistemas de depuración de residuais, do que carecen diversos núcleos da localidade lucense. O proxecto acometerase durante este ano e suporá un investimento de 419.100 euros por parte da Administración autonómica.

En Monforte de Lemos, a Consellería de Medio Ambiente levará a cabo unha actuación semellante, ao dotar de servizo de abastecemento a parroquia de Fiolleda. O proxecto conta cun custo de 313.000 euros e un prazo de execución dun ano, co que as obras se farán con cargo aos orzamento deste ano e o vindeiro. A actuación forma parte da mellora da subministración de auga na localidade lucense e recolle a construción dun depósito de 150 metros cúbicos.



A XUNTA INVESTIRÁ 861.272 EUROS EN OBRAS DE SANEAMENTO NA POBRA DO CARAMIÑAL (A CORUÑA)

A Consellería de Medio Ambiente investirá 861.272 euros nas obras de saneamento na Ribeiriña, no concello coruñés da Pobra do Caramiñal. O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo de colaboración para levar a cabo esta actuación, que será financiada na súa totalidade a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), con cargo aos orzamentos do presente ano.

O proxecto de saneamento na Ribeiriña ten un prazo de execución de seis meses, e consistirá na recollida das augas residuais en dous pozos de bombeo, dende os que se impulsará mediante dúas bombas mergullables, ata conectar coa rede existente.

Así mesmo, cambiarase o colector xeral, a fin de aumentar a súa capacidade para poder bombear a nova achega de auga e tamén se ampliará a capacidade do tubo de impulsión.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PARQUE EMPRESARIAL DE CARBALLO

- ***Unha vez rematada a tramitación, a Consellería de Vivenda e Solo poderá iniciar o expediente de expropiación dos terreos que restan por adquirir***
- ***A primeira fase deste parque terá unha superficie de 730.000 metros cadrados dos que 250.000 xa son propiedade da consellería***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial e proxecto de urbanización da 1ª fase do parque empresarial de Bértoa-Carballo. O Consello tamén declarou de utilidade pública e interese social este proxecto e a necesidade de ocupación dos terreos afectados para a súa execución, o que permitirá iniciar o expediente de expropiación dos predios que non sexan adquiridos de mutuo acordo cos seus propietarios.

A primeira fase do parque empresarial de Carballo terá unha superficie de 730.000 metros cadrados. Neste momento a Consellería de Vivenda e Solo é titular de 250.000 metros cadrados do total do ámbito de actuación.

Por outra banda, a Consellería de Vivenda e Solo enviou os plans de sectorización das zonas A e B da segunda fase deste parque ao Concello de Carballo a principios do pasado mes de decembro para a súa tramitación. Ao mesmo tempo, para axilizar a tramitación, a Consellería está a redactar os correspondentes proxectos de urbanización. A segunda fase terá unha superficie total de 550.00 metros cadrados dos cales 430.000 metros cadrados corresponden á zona A e 120.000 á zona B.

O conxunto do parque terá unha superficie de 1.280.000 metros cadrados, dos cales 837.043 serán de uso empresarial, 97.608 metros cadrados de uso social, deportivo e para equipamentos, e 117.000 metros cadrados serán para zonas verdes.

A Consellería de Vivenda e Solo ten previsto un investimento total de 35 millóns de euros para a adquisición dos terreos e urbanización deste parque. Nos orzamentos de 2007 hai unha partida por importe de 10 millóns de euros para traballos técnicos, adquisición de terreos e obras de urbanización.



AUTORIZADO UN CONVENIO ENTRE A XUNTA E OS COLEXIOS DE AXENTES DA PROPIEDAD INMOBILIARIA PARA DETECTAR VIVENDA USADA QUE POIDA PROTEXERSE

- ***Os Colexios de Axentes da Propiedade Inmobiliaria de Galicia (COAPI) elaborarán unha lista de vivendas usadas a prezos que non superen os máximos establecidos na normativa para a vivenda protexida e informarán os posibles compradores das axudas da consellería***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e os Colexios de Axentes da Propiedade Inmobiliaria de Galicia (COAPI) para detectar vivendas que cumpran as características de “vivendas usadas” segundo establece o Plan de Vivenda 2005-2008. Estas vivendas, para ser consideradas protexidas, non deberán superar os prezos máximos establecidos na normativa vixente para cada zona xeográfica.

Os COAPI confeccionarán cada mes unha lista de vivendas usadas que poidan ser protexidas, ao mesmo tempo que informarán os posibles compradores das axudas da Consellería de Vivenda e Solo segundo as súas circunstancias persoais. Estas axudas son exactamente as mesmas que as que se conceden aos compradores de vivenda protexida de nova construción.



MARÍA DOLORES RODRÍGUEZ AMOROSO É NOMEADA PRESIDENTA DO CONSELLO DA XUVENTUDE DE GALICIA

María Dolores Rodríguez Amoroso foi nomeada esta mañá polo Consello da Xunta presidenta do Consello da Xuventude de Galicia posto para o que foi reelixida pola Asemblea deste organismo e que ocupaba dende xuño de 2004.

Rodríguez Amoroso é estudante de Dereito da Universidade da Coruña e ten sido claustral e membro do Consello de Goberno e do Consello Social desta institución. Colaborou na Comisión de Traballo sobre Xénero do Consello da Xuventude de España e é auditora interna desta entidade.